

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

14656 *Real decreto 1202/2010, do 24 de setembro, polo que se establecen os prazos de revisión das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.*

A Lei 17/2007, do 4 de xullo, modificou a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para adaptala ao disposto na Directiva 2003/54/CE, do 26 de xuño de 2003, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 96/92/CE.

O artigo 17.3 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, preceptúa que o Goberno establecerá a metodoloxía de cálculo das peaxes. Complétase deste xeito a previsión do punto 1 do mesmo artigo, que dispón que o ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento das peaxes de acceso ás redes.

O Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e o Real decreto 325/2008, do 29 de febreiro, polo que se establece a retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica para instalacións postas en servizo a partir do 1 de xaneiro de 2008, definen os elementos que integran as redes de transporte e desenvolven o réxime retributivo aplicable a elas establecendo a metodoloxía de cálculo e revisión da retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica.

Pola súa banda, o Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece o réxime retributivo da actividade de distribución de enerxía eléctrica, determina a forma de cálculo e revisión da retribución desta actividade.

Tamén cómpre ter en consideración o artigo 7 do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, que establece a metodoloxía de cálculo e revisión das tarifas de último recurso e dispón que sexa o ministro de Industria, Turismo e Comercio, mediante orde ministerial, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, o que dite as disposicións necesarias para o establecemento destas tarifas de último recurso e determine a súa estrutura de forma coherente coas peaxes de acceso. Para estes efectos, o indicado artigo 7 faculta o ministro de Industria, Turismo e Comercio para revisar a estrutura das tarifas de acceso, ou peaxes de acceso, de baixa tensión para adaptalas ás tarifas de último recurso e asegurar a súa aditividade.

Igualmente, na disposición adicional novena do dito Real decreto 485/2009, do 3 de abril, determínase que o ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá revisar semestralmente as tarifas de acceso, ou peaxes de acceso, para asegurar a aditividade das tarifas de último recurso.

En desenvolvemento do artigo 7 do Real decreto 485/2009, do 22 de xuño, aprobouse a Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes de mercado á tarifa de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica, que establece a estrutura das peaxes de acceso de aplicación aos consumidores de baixa tensión con potencia contratada inferior a 10 kW, así como o procedemento de cálculo do custo da enerxía que se vai incorporar á TUR e o custo de comercialización.

A disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e a disposición transitoria primeira do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, nas redaccións dadas polo Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, prevén, para facilitar o proceso de

titulización do déficit de tarifa eléctrico, a regulación do procedemento para financiar os posibles desaxustes temporais nas liquidacións das actividades reguladas e o mecanismo transitorio de financiamento do déficit nas actividades reguladas no sector eléctrico ata a titulización.

En relación co anterior, cabe sinalar que, en coherencia coas previsións dos referidos reais decretos 2819/1998, do 23 de decembro, 325/2008, do 29 de febreiro, e 222/2008, do 15 de febreiro, o cálculo das actividades reguladas ten carácter anual. Con todo, a situación actual do sector eléctrico, na cal existe un déficit destas actividades que está en proceso de titulización, a posibilidade de manter futuros déficit ata o ano 2013, a incerteza nas previsións de ingresos e custos ao longo do ano como consecuencia da evolución de variables significativas no contexto económico actual como poden ser a evolución da demanda ou a evolución da produción en réxime especial, que afectan o seu cálculo, así como a posibilidade de que se produzan situacións excepcionais ou cambios regulatorios que afecten os custos regulados, aconsella dotarse dun mecanismo de revisión das peaxes de acceso máis flexible na súa periodicidade que permita axustar os custos aos ingresos cando se produzan este tipo de variacións.

Isto último constitúe o obxecto deste real decreto, no cal se habilita o ministro de Industria, Turismo e Comercio para a revisión das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, cunha periodicidade distinta á anual, de modo que sexa posible axustar os custos aos ingresos evitando a aparición de déficits ou calquera tipo de desaxuste temporal nas actividades reguladas do sector eléctrico.

De acordo co previsto na disposición adicional décimo primeira, punto terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía, e para a elaboración deste informe tomáronse en consideración as observacións e os comentarios do Consello Consultivo de Electricidade da dita comisión, a través do cal se realizaron o trámite de audiencia e as consultas ás comunidades autónomas.

Finalmente, o real decreto foi examinado pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Esta regulación ten carácter de normativa básica e recolle previsións de carácter técnico e económico, polo que a lei non resulta un instrumento idóneo para o seu establecemento e, en consecuencia, se encontra xustificada a súa aprobación mediante real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de setembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto do presente real decreto o establecemento da periodicidade para a revisión das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Artigo 2. *Revisión das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.*

1. Anualmente, o ministro de Industria, Turismo e Comercio procederá, logo dos trámites e informes preceptivos e os que se consideren oportunos, á revisión das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

2. Así mesmo, o ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá revisar de igual modo as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica cunha periodicidade máxima trimestral, nos seguintes casos:

a) Cando se produzan eventuais desfasamentos temporais por desaxustes nas liquidacións das actividades reguladas no sector eléctrico, de acordo co establecido na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

b) Cando se produzan cambios regulatorios que afecten os custos regulados que se integren nas peaxes de acceso.

c) Excepcionalmente, cando se produzan circunstancias especiais que afecten os custos regulados ou os parámetros utilizados para o seu cálculo.

3. Cando a revisión das peaxes de acceso que se realice conforme o disposto nos puntos anteriores supoña unha variación das peaxes de acceso que se integran nas tarifas de último recurso, procederase a efectuar a revisión destas últimas para asegurar a súa aditividade, todo iso sen prexuízo das revisións de tarifas de último recurso que correspondan como consecuencia de variacións no resto dos seus compoñentes, tal como se establece na Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño de 2009, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derróganse a última oración do segundo parágrafo do artigo 7.2 e a disposición adicional novena do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Referencias ás tarifas de acceso.*

De conformidade co artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, as referencias ás «tarifas de acceso» que se realizan no Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, no Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, e, en xeral, nas disposicións relativas ao sector eléctrico de igual ou inferior rango normativo, entenderanse efectuadas a «peaxes de acceso».

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de setembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN